Unha vez concedida a praza na Vivenda Comunitaria, o/a usuario/a disporá de 15 días naturais para ocupar esa praza, que se poderá prorrogar se está debidamente xustificado que non ingresara na Vivenda.

Artigo 11. Periodo de proba.

Despois do seu ingreso na Vivenda Comunitaria, a persoa permanecerá nesta durante un período de 30 días. É considerado este como un período de proba, de adaptación e observación, que ten como finalidade a verificación dos datos achegados polo solicitante e a súa adaptación á vivenda. Se transcurrido o dito período non se aprecian circunstancias persoais ou alteracións físicas ou psíquicas que determinen algunha incapacidade para a súa adaptación, adquirirá a condición de residente na vivenda por decisión fundamentada da "Alcaldía", previa proposta do persoal encargado do funcionamento da vivenda. Caso de declararse non apto para a vivenda, disporá dun mes para abandonar o centro a partir da notificación formulada, que será susceptible dos correspondentes recursos administrativos e xurisdiccionais.

Artigo 12. Reserva de praza.

As estancias ou tempos que o residente permaneza fóra do centro en tempos superiores a 30 días consecutivos ou 45 días alternos, ben por estancia con familiares, vacacións, estancias en hospitais ou semellantes, deberá aboar a cota que sexa procedente, de acordo coa ordenanza fiscal nº 24 publicada no BOP nº 245, do 23 de outubro de 2004. No caso de superar os prazos sinalados aplicarase a determinación contida na letra e) do artigo 37 do presente regulamento.

Artigo 13. Incapacidade sobrevida.

No caso de incapacidade sobrevida, os responsables do centro poñerano en coñecemento da autoridade xudicial para os efectos do disposto no artigo 763, "Internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico" da Lei 1/2000 do 7 de xaneiro, de enxuizamento. Nos casos de desamparo os responsables do centro poñerán en coñecemento do Ministerio Fiscal os feitos determinantes da incapacitación do maior.

Se durante a permanencia do/a usuario/a no centro fose incapacitado e se designara tutor legal, deberase facilitar ao centro copia da sentencia xudicial correspondente. A partir dese momento corresponderalle ao tutor a toma de decisións, sen perxuizo da intervención xudicial nos casos en que proceda, segundo a lexislación vixente.

Artigo 14.

No suposto de que unha persoa veciña do Concello ou mesmamente doutro concello, pero que adquira a condición de usuario/a da vivenda comunitaria e non sexa titular de ningunha pensión pública, solicitaráselle, consonte co ordenamento aplicable, o outorgamento dunha subvención, mesmamente de carácter non contributivo. De outorgárselle esta pensión e ter efectos retroactivos, dende a data da solicitude ou outra a que se retrotraen os seus efectos, o/a usuario/a da vivenda deberá aboar as cotas atrasadas que procedan en aplicación da ordenanza fiscal nº 24 publicada no BOP nº 245, do 23 de outubro de 2004, dende a data do devengo da pensión.

CAPÍTULO III: FUNCIONAMENTO

Artigo 15. Servizos que oferta.

A titularidade da Vivenda Comunitaria como servizo público correspóndelle ao Concello de Vimianzo, que ofertará a prestación dos seguintes servizos:

- SERVIZOS BÁSICOS OU OBRIGATORIOS:

- Aloxamento.
- Manutención.
- Uso e disfrute dos servizos comúns.
- Servizo de lavandería.
- Limpeza diaria das habitacións e o resto das dependencias da vivenda.
- Xestións sanitarias, dosificación de medicación dentro da propia vivenda.
- Actividades de tempo libre e sociais.
- Información e asesoramento.
- Así como o apoio preciso para a realización das actividades diarias segundo as necesidades dos/as usuarios/as.

-SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OU OPTATIVOS:

- Perruquería.

Artigo 16. Formalización do contrato.

No momento do ingreso no centro, o/a usuario/a e dirección da Vivenda Comunitaria formalizarán un contrato por escrito no que se estipulan unha serie de cláusulas de obrigado cumprimento polos firmantes. No devandito documento escrito especifícase o compromiso de coñecer, aceptar e respectar por ambas partes cantas normativas sexan de aplicación sobre a Vivenda Comunitaria; data de inicio, servizos que se van a prestar, taxas a aboar pola prestación do servizo e forma de pago; así como cantas outras circunstancias sexan relevantes para unha axeitada prestación e uso respectivamente do servizo de Vivenda Comunitaria.

Ao contrato poderán adxuntarse o/os correspondente/s anexo/s en función da necesidade de modificación das cláusulas do contrato inicial ou ampliación das mesmas, pero sempre tendo en conta o Regulamento de organización e funcionamento da Vivenda Comunitaria para persoas maiores de Vimianzo (BOP nº 245, sábado 23 de outubro de 2004), a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de Vivenda Comunitaria, Escola Infantil, Centro de Día, Comedor e Lavandería sobre Rodas (BOP nº 245, Sábado 23 de outubro de 2004), así como o RRI do mencionado servizo.

Unha copia do contrato firmado quedará en posesión do/a usuario/a, outra a disposición do Concello de Vimianzo e o resto no expediente individual do/a usuario/a.

Artigo 17. Causas de resolución do contrato.

O contrato deixará de estar en vigor baixo as circunstancias contempladas na normativa vixente.

No caso de volver a solicitar de novo praza na Vivenda Comunitaria formalizarase outro contrato.

Artigo 18.

No momento en que a persoa deixa de valerse por si mesma, deberá buscarse outra alternativa, isto é, outro recurso adecuado as súas necesidades persoais nese momento. O Concello de Vimianzo ocuparase de xestiona-lo servizo de axuda a domicilio nos supostos de necesidade ou prazas de residencia asistida, cando a persoa maior non poida valerse por si mesma e o servizo de axuda no fogar resultase insuficiente para mantelo no seu medio habitual de vida.

Artigo 19. Normas xerais.

1.Os/as usuarios/as terán a obriga de realizar dentro da vivenda as tarefas cotiáns da vida diaria, mantendo o bo estado das instalacións e obrigándose a respecta-las normas de funcionamento previamente establecidas.

2.Os/as usuarios/as deben observar as normas de convivencia, respeto mutuo, seguridade e hixiene en tódalas dependencias da Vivenda e nas actividades que se desenvolvan.

3.Nas zonas de uso común, utilizarase roupa de rúa en condicións adecuadas e manterase unha correcta hixiene persoal.

4. As diversas dependencias da vivenda: comedor, sala de estar...están destinadas para actividades e fins concretos. Evitarase realizar fóra dos lugares axeitados, actividades que non corresponden.

5.Débese manter en bo uso o mobiliario e enseres da Vivenda. Estas dispón de papeleiras e contenedores para o depósito dos residuos.

6.Deben evitarse as actividades que poidan ocasionar malestar aos demais residentes. A tal efecto, respetaranse as normas de uso das diversas dependencias, establecidas no presente regulamento.

7.Non se permiten os animais domésticos na Vivenda.

8.Prohíbese fumar dentro da Vivenda.

9.O persoal que traballe na vivenda será tratado con respecto e corrección. Deben seguirse as indicacións deste. As queixas sobre o persoal serán dirixidas directamente ao Concello, nas follas de reclamacións que están habilitadas para tal efecto.

10.A vivenda facilitará roupa de cama e toallas para uso persoal das persoas que vivan nesta.

11.Recórdase a importancia da colaboración e participación de todos en conseguir unha mellora da convivencia e da calidade de vida dos residentes.

Artigo 20. Normas relativas ás habitacións.

1.A ocupación dunha habitación individual será por orde de antigüedade, sempre suxeito ás disponibilidades e circunstancias do centro en cada momento, e a criterio do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vimianzo e da Dirección da Vivenda Comunitaria.

2.As habitacións da vivenda dispoñen de mobiliario axeitado e suficiente para os obxectos de uso persoal e diario dos residentes.

Os residentes da vivenda comunitaria poderán, de forma voluntaria, instalar na habitación aqueles obxectos de carácter sentimental que consideren oportunos. En ningún momento o Concello de Vimianzo, nin a Dirección da Vivenda Comunitaria, se fará responsable dos obxectos de valor que teñan nas súas dependencias.

3.En caso de que os residentes da vivenda desexen dispoñer na súa habitación de aparatos de música, televisión... deben solicitarllo ao Concello, que poderá autoriza-la súa instalación de acordo cos informes que se estimen precisos do persoal que traballa na vivenda, tendo en conta a incidencia ou perturbación aos demais residentes así como os condicionamentos técnicos existentes.

A resolución destas solicitudes corresponderalle ao órgano municipal competente de acordo coa lexislación básica de réxime local.

No uso destes aparatos evitarase ocasionar molestias aos demais, especialmente en horas nocturnas ou nas de descanso.

4.Os residentes que o desexen poden colaborar nas tarefas de limpeza da habitación, e procurar así mesmo que estas se manteñan limpas e en orde.

5.O persoal da Vivenda encargarase da limpeza das habitacións no horario estipulado pola Dirección do centro.

6.Durante o tempo de permanencia do personal de limpeza na habitación e para non entorpecer o seu traballo non deberá facerse uso da mesma, salvo necesidades de urxencia.

7.Non se poderá ter nas habitacións alimentos perecedoiros ou calquera outro elemento que incida negativamente na limpeza e hixiene.

8.Non se permite lavar ou colgar roupa nas habitacións ou nas ventás, xa que a vivenda dispón dun servizo de lavandería.

9.Non se pode cociñar nin quentar alimentos nos cuartos.

10.Non se pode fumar nas habitacións.

11.Non se poden acender velas, estufas, pranchas ou calquera aparato que poida ocasionar risco de incendio.

12.Debe evitarse gardar calquera tipo de medicamento que non estea prescrito medicamente e non sexa para a súa administración ou consumo inmediato, polas posibles molestias ou riscos de intoxicación, así como sustancias tóxicas ou inflamables.

13.Os residentes na vivenda non poden instalar mecanismos de peche accesorios aos existentes nas portas e ventás nin colocar mobles ou obxectos que poidan obstaculiza-la entrada e a saída.

14.Se por circunstancias excepcionais se considera necesario, a Dirección da Vivenda poderá acordar que se revisen os armarios dos residentes, sempre en presenza do mesmo.

Artigo 21. Normas referentes ao comedor.

1.O Concello aprobará os meús dos residentes, que serán supervisados por un médico ou experto en dietética ou nutrición. Por prescripción facultativa adaptaranse aos residentes que o precisen, así como se adaptan ás necesidades que presentan as persoas.

2.Os horarios do comedor deben cumprirse puntualmente para evitar trastornos no servizo. Os horarios das comidas son os seguintes:

-Almorzo: 9:30 horas.

-Xantar: 13:30 horas.

-Merenda: 17:00 horas.

-Cea: 20:30 horas.

3.O menú diario fixarase no Taboleiro de Anuncios.

4.Non está permitido introducir ou sacar do comedor comida nin utensilios como pratos, vasos, etc...

Artigo 22. Normas referentes a outras zonas comúns.

As zonas para disfrute común dos/as usuarios/as, tales como sala de estar, etc., empregaranse para aquelas actividades que lles son propias, e con respecto aos horarios e normas de funcionamento.

En calquera caso observarase o debido coidado co mobiliario e enseres, debendo respetar as medidas de seguridade existentes.

1.Calquera actividade que non sexa propia da Vivenda, como a organización de colectas, actos de publicidade ou propaganda, etc., terá que ser solicitada previamente á Dirección, e debidamente autorizada.

2.Non están permitidos, en toda a Vivenda, os xogos de azar con resultados lucrativos.

3.As persoas autorizadas encargaranse da manipulación de aparatos de televisión, música, vídeos, etc. das zonas comúns.

Artigo 23. Normas referentes ao servizo de lavandería.

1.A vivenda dispón dun servizo de lavandería para o lavado de roupa das persoas que viven nela.

2.Co fin de evitar perdas facilita-las tarefas de lavado e reparto da roupa, esta debe traerse marcada co número que se indicará polo Concello, ou coa suspensión deste pola empresa concesionaria nos días previos ao ingreso.

3.O residente e os seus familiares están obrigados a repoñe-la roupa de uso persoal cando sexa necesario e coas mesmas condicións de marcado.

Artigo 24. Atención sanitaria.

1.No ámbito da atención sanitaria que se presta na Vivenda, que complementa aos sistemas de sanidade pública, os/as usuarios/as deben cumplir as prescripcións médicas e farmacéuticas.

2.Por prescripción facultativa poderase determinar, a administración e control de medicamentos, rexímenes alimenticios específicos, ou calquera outra modificación nas actividades ordinarias dos residentes.

3.O centro non pode expedir nin modificar receita algunha polo que serán xestionadas dende a Vivenda en colaboración co Servizo Galego de Saúde, sempre que a familia non o queira facer directamente ou así o desexe.

4.Asimesmo, cando a xuizo do Equipo Multiprofesional, o estado de saúde de determinados residentes sometidos a control continuado aconselle que éstos non deban estar sos nas habitacións, a Dirección poderá determinar que éstos permanezan en zonas onde se garantice a súa debida atención.

5.A Dirección do centro poderá adoptar decisións de carácter urxente por motivos de saúde, dando conta posteriormente aos familiares.

6.No caso de necesitar internamento un/a usuario/a, a criterio do personal facultativo correspondente, procederase ao seu ingreso no Centro Hospitalario que corresponda. Para o mesmo, un familiar, se o ten, responsabilizarase do seu acompañamento e das súas xestións pertinentes. O/A usuario/a ou o seu representante AUTORIZA á Dirección do Centro o traslado ao Centro correspondente.

7.As consultas a especialistas será a familia, ou persoa/as que estean ao seu cargo, a encargada de acompañar ao usuario/a.

8.Os residentes sometidos a control continuado cumprirán as medidas hixiénico-sanitarias previstas no programa hixiénico individualizado que lles afecte.

Artigo 25. Participación en actividades.

1.Tódalas persoas poderán participar nas diversas actividades que se organicen na Vivenda.

2.Asimesmo os residentes poderán realizar suxerencias sobre actividades nos Buzóns de Suxerencias, ou dirixíndose á Traballadora Social da Vivenda.

Artigo 26.

A Vivenda Comunitaria trátase dun centro aberto e integrado na comunidade, polo que se aceptan persoas en prácticas, así como determinadas actividades que se desenvolven están abertas a que participen persoas alleas ao centro.

Artigo 27. Falecementos.

Para o caso de falecemento dun/dunha usuario/a da Vivenda Comunitaria será de aplicación o establecido na lexislación civil.

O/a usuario/a da Vivenda Comunitaria deberá presentar xunto coa documentación que se relaciona no artigo 6 do presente regulamento, póliza do seguro de decesos, ou no seu caso un compromiso escrito e asinado, sinalando a unha persoa que se fará cargo en caso de falecemento do/a usuario/a da Vivenda Comunitaria.

A estes efectos, e no suposto de que a administración municipal tivese que asumir os gastos de enterramento, ben por ausencia de familiares, ben por non asumilos, e igualmente por ausencia de póliza de decesos, o Concello de Vimianzo terá dereito preferente a cobralos do caudal hereditario.

Artigo 28. Servizos telefónicos.

O Centro dispón dun teléfono público a disposición dos/as usuarios/as. O pago deste servizo será con cargo á persoa que o utilice.

Artigo 29. Réxime de visitas.

As visitas ás persoas que vivan na Vivenda Comunitaria, ben sexa nas habitacións ou fóra delas, realizaranse en horario e nas condicións que fixe o Concello ou a empresa concesionaria coa aprobación do Concello.

Os/as residentes poderán recibir visitas nas dependencias que se designen ao efecto, debéndose observar as elementais normas de convivencia e respeto aos demais. Ás habitacións poderán acceder os visitantes, previo coñecemento do máximo responsable do turno e polo tempo estrictamente necesario.

HORARIO DE VISITAS VIVENDA COMUNITARIA
MAÑÁN: 10:00 – 13:30 horas TARDE: 16:30 – 20:30 horas

As visitas fóra do horario indicado deberán xutifica-la súa necesidade.

Na Vivenda Comunitaria existe un libro de visitas, onde toda persoa que veña visitar aos usuarios/as da Vivenda deberá rexistrarse no mesmo, así como por outra parte en calquera unha das visitas preservarase sempre o dereito á intimidade, e respetarase sempre a vontade do/a usuario/a.

Unicamente se poderá restrinxir a determinadas persoas este dereito se así o manifesta o/a usuario/a expresamente por escrito, ou no caso de que exista constancia dunha orde xudicial de aloxamento.

Está prohibido entrar nas dependencias da Vivenda que están destinadas a uso exclusivo dos/das profesionais.

Artigo 30. Réxime de saídas.

Os/as usuarios/as poderán saír do centro sempre que as súas condicións físicas ou psíquicas llo permitan, sos ou acompañados, e respetarase a vontade do mesmo. Os horarios de comedor si se deben cumprir puntualmente para evitar trastornos no servizo, salvo causas xustificadas.

A hora de chegada á vivenda será como moi tarde ás 22:00 horas.

Para calquera tipo de saída, o/a usuario/a deberá solicitalo previamente á Dirección da Vivenda Comunitaria.

Existen dous modelos de impresos para regula-las saídas:

•AUTORIZACIÓN SAÍDA: autorización que se asina cando o/a usuario/a vai chegar máis tarde dos horarios estipulados na Vivenda Comunitaria.

•AUTORIZACIÓN PERNOCTA: autorización que se asina cando o/a usuario/a non durme na Vivenda Comunitaria.

Artigo 31. Reclamacións e suxerencias.

Os residentes da Vivenda que o desexen poden presentar queixas ou reclamacións sobre calquera aspecto do funcionamento ou dos servizos da vivenda. Poderán facelo diante dos responsables correspondentes a través das follas de reclamacións que teñen á súa disposición nas dependencias da Vivenda Comunitaria, así como no Departamento de Servizos Sociais do propio Concello.

Ao mesmo tempo, poderán presentar calquera tipo de suxerencia que vaia dirixida á mellora-la calidade de vida na vivenda.

Artigo 32. Documentación do Centro:

A Vivenda Comunitaria conta ca seguinte documentación:

-Póliza de responsabilidade Civil e de accidentes.

-Libro de reclamacións á disposición das persoas usuarias.

-Libro de rexistro de usuarios/as.

-Expediente individual do/a usuario/a.

-Plan de Prevención de riscos laborais.

CAPÍTULO IV. DOS DEREITOS DOS RESIDENTES

Artigo 33. Dereitos dos residentes.

Os residentes da vivenda gozarán, da máis ampla liberdade de vida, dentro dos seguintes límites:

TERÁN DEREITO:

a)A acceder á vivenda e recibir asistencia sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

As persoas que padezan algunha minusvalía gozarán da protección que lles atribúen as leis e, en todo caso, a prestación deste servizo garantirá a súa plena integración.

b)A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da casa como por parte dos demais usuarios/as.

c)Ao segredo profesional acerca dos datos do seu historial profesional ou social.

d)A realizar saídas ao exterior.

e)Utiliza-los servizos comúns da vivenda.

f)A manter relacións interpersoais, incluíndo o dereito a recibir visitas por parte de familiares ou amigos, non podendo utiliza-la vivenda para cohabitar, aínda que sexa de maneira temporal, por parte destes, salvo en caso de enfermidade do

residente e con permiso expreso do Concello. Tódalas visitas deberán pasar polo control de visitas que estará disponible no centro.

g)A unha asistencia especializada acorde coas súas necesidades específicas.

h)Á intimidade persoal en función das condicións estructurais do centro.

i)A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para consegui-lo seu desenvolvemento integral.

j)A abandona-lo centro por vontade propia.

k)A asociarse co obxecto de favorece-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

l)No suposto de producirse algún conflicto de interese entre os/as usuarios/as do servizo e a empresa encargada da xestión indirecta deste servizo público, garántese a resolución por vía de recurso, consonte co procedemento administrativo común, por parte do Concello de Vimianzo, escoitando á Comisión de seguimento.

m)A seren indemnizados polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, por parte da entidade concesionaria que o presta, agás que o dano se producira como consecuencia do cumplimento dunha cláusula imposta pola Corporación (entidade concedente) con carácter ineludible.

CAPÍTULO V. DOS DEBERES DOS RESIDENTES.

Artigo 34. Deberes dos residentes.

Os residentes da vivenda comunitaria terán as seguintes obrigas:

a)Cumpri-las normas establecidas no presente regulamento.

b)Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

c)Colaborar na realización de determinadas tarefas, que sen supoñer un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, sirva para mellora-la súa autonomía persoal e participación na vida da vivenda, de acordo co disposto no Regulamento de Réxime Interior.

d)Aboar puntualmente o importe da cantidade que pola súa estancia na vivenda fose fixada na correspondente ordenanza municipal.

O residente ten a obriga de comunicar calquera variación que se produza en relación coa situación socio-familiar, recursos económicos, estado físico e/ou psíquico, condicións da súa vivenda habitual, e outras circunstancias, e tamén para os efectos do establecido na ordenanza fiscal reguladora da prestación dos servizos da vivenda comunitaria de Vimianzo.

No caso de producirse falsidade nos datos achegados ao expediente ou ocultación deles, tanto para obter a condición de usuario/a, como para a determinación da taxa a aplicar, consonte coa ordenanza fiscal núm. 24, reguladora da prestación do servizo de vivenda comunitaria de Vimianzo terá consecuencias para a finalización do expediente en trámite ou ben en relación coa aplicación do réxime de faltas e sancións.

En todo caso, tramitarase expediente, coas garantías de audiencia e contradicción e previos os oportunos informes de Servizos Sociais, dos servizos económicos ou xurídicos que sexan precisos".

Artigo 35.

En todo caso, serán de aplicación supletoria e/ou complementaria os dereitos e deberes sinalados nos artigos 6 e 7 da lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

CAPÍTULO VI. PERDA DA CONDICIÓN DE RESIDENTE DA VIVENDA COMUNITARIA.

Artigo 36.

A condición de residente na vivenda comunitaria perderase polas seguintes causas:

a)Por renuncia voluntaria dos/as usuarios/as ou dos seus representantes legais, que precisarán autorización xudicial no suposto de persoas xudicialmente incapacitadas. Preavisarase a baixa con 5 días de antelación.

b)Polo incumplimento reiterado das obrigas dos/as usuarios/as do centro consistentes en:

1.Reiterado incumplimento das normas de utilización do centro establecidas no presente regulamento.

2.Non observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia. Deixar constancia no expediente individualizado de tales observacións.

3.Reiterado incumplimento das normas de utilización das instalacións do centro reflictidas no presente RRI.

c)Por precisar asistencia ou axuda para a realización das actividades da vida diaria de carácter especializado, que non correspondan cos servizos ofertados na vivenda comunitaria. En todo caso o servizo de vivenda comunitaria será responsable da persoa na que concurren estas circunstancias especiais de invalidez temporal ou permanente, que a fagan merecente dun servizo especializado, mentres non se consiga praza noutro centro especializado.

d)Por falecemento.

e)Permanecer fóra do centro un tempo superior a 30 días consecutivos ou 45 días alternos, por ano, sen autorización expresa ou causa xustificada.

f)Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas na ordenanza fiscal.

Para aplica-las causas de perda da condición de residentes previstas nas letras b, c, e, f anteriores, será preciso tramitar un expediente administrativo con audiencia do residente e decisión fundamentada do órgano municipal que autorizou a residencia.

Producida a baixa do/a usario/a, éste e/ou no seu caso, os seus familiares ou persoas responsables do mesmo, deberán retirar os obxectos persoais no plazo máximo de 7 días contados a partir de aquel no que se produce a baixa.

A Dirección da Vivenda Comunitaria, tan pronto como se produza a baixa, dará orde de vaciar a habitación e preparar a mesma para o seguinte ingreso, aínda que non viñeran recoller as pertenzas o/a usuario/a, ou no seu caso os seus familiares ou persoas responsables.

Artigo 37.

No momento en que a persoa deixa de valerse por si mesma, deberá buscarse outra alternativa, isto é, outro recurso adecuado as súas necesidades persoais nese momento.

CAPÍTULO VII: PREZOS

Artigo 38. Cota tributaria.

A cota tributaria pola prestación do servizo Vivenda Comunitaria:

Ingresos	Cota usuario/mes
Ingresos menores ou iguais ao SMI	75% dos ingresos que perciba
Ingresos superiores ao SMI e menores ou iguais ao triple do SMI	80% dos ingresos que perciba
Maiores ao triple do SMI	85% dos ingresos que perciba

Fíxase un límite máximo de prezo a pagar polos/as usuarios/as cuantificado no triple do SMI.

Non se aplica ningún tipo de cota pola prestacións dos servizos complementarios que se sinalan no artigo 16 do presente regulamento.

Artigo 39. Forma de pago da cota.

O pago efectuarase por mes anticipado, e na modalidade de domiciliación bancaria, dentro dos 10 primeiros días de cada mes.

Se se abandona ou se deixa de utilizar o servizo antes de finalizar o mes, procederase de oficio a devolver a parte proporcional do tempo non disfrutado.

Artigo 40. Incumprimento do pago da cota.

O incumprimento reiterado no pago da cota correspondente poderá dar lugar, previo aos trámites legais pertinentes, á baixa no dito servizo.

O concepto “incumprimento reiterado” aplicarase gradualmente en función da capacidade económica dos/as usuarios/as, deducida das circunstancias previstas no art. 7 para determinar a cota (BOP nº 161, Venres 14 de xullo de 2006: Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de Vivenda Comunitaria, Escola Infantil, Centro de Día, Comedor sobre rodas e Lavandería sobre rodas).

Artigo 41. Fianza.

Non se contempla ningún tipo de fianza para o servizo de Vivenda Comunitaria.

Artigo 42.

Expedirase unha factura polo cobro dos servizos prestados na Vivenda Comunitaria. Entregarase unha copia ao usuario/a e outra copia estará no expediente individual do mesmo.

CAPÍTULO VIII: DAS FALTAS E SANCIÓNS

Artigo 43.

a)Os/As usuarios/as da vivenda comunitaria serán os responsables dos danos e prexuízos que por acción ou omisión causen nas súas instalacións, así como das alteracións de orde que se produzan.

b)Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que pudiesen incorrer por tales actos ou omisións, que poderá esixirse diante dos xulgados e tribunais correspondentes, se os residentes cometesen algunhas das faltas previstas neste capítulo, serán obxecto de procedemento sancionador, que con carácter xeral, establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 44.

Para os efectos previstos no artigo anterior, as faltas clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Faltas moi graves:

a)A reiteración de tres ou máis faltas graves.

b)A agresión física ou malos tratos de cara aos outros residentes na vivenda ou persoal que traballe nesta.

c)Falsear os datos achegados ao expediente ou ocultación deles, tanto para obter a condición de usuario/a como para a determinación da taxa aplicable consonte coa ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de vivenda comunitaria de Vimianzo (ordenanza fiscal nº 24, publicada no BOP nº 245, do 23 de outubro de 2004".

Artigo 45.

Faltas moi graves:

Expulsión temporal da vivenda comunitaria por un período de 1 mes a 6 meses, podendo chegarse en determinados casos ata a expulsión definitiva. Un dos supostos en que se poderá ponderar a expulsión definitiva ven dado pola falsidade de datos aportados ao expediente ou ben pola ocultación doutros, ben con relevancia para a admisión como usuario/a ou ben para a determinación da taxa a aplicar consonte co sinalado na ordenanza fiscal municipal nº 24 publicada no BOP nº 245, do 23 de outubro de 2004. No suposto de falsidade de datos ou ocultación doutros coa relevancia económica, poderá chegar a aplicarse a dita ordenanza fiscal na contía económica procedente, en función da situación real, dentro do límite temporal, establecido pola Lei Xeral tributaria (Lei 58/20003, do 17 de decembro) para determinar a débeda tributaria:"

Faltas graves:

Expulsión temporal da vivenda comunitaria por un período de 6 días a 1 mes.

Faltas leves:

Amoestación verbal ou escrita.

Artigo 46.

Para a graduación das sancións previstas teranse en conta as circunstancias persoais do autor responsable, tales como a idade, condicións físicas e psíquicas, nivel de formación, así como a transcendencia dos feitos e a alarma, intranquilidade ou inquietude producida entre os beneficiarios ou persoal das ditas instalacións, ademais das manifestacións ou mostras de sincero arrepentimento do autor e a reparación inmediata dos danos ou prexuízos ocasionados.

Artigo 47.

As faltas leves prescribirán aos dous meses, as graves aos catro e as moi graves ao ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicara ao interesado a incoación do expediente ou, no caso das faltas leves, se lle impuxese unha sanción.

As faltas serán sancionadas polo alcalde-presidente.

Artigo 48.

Corresponderalle, ao Concello de Vimianzo, por medio da súa comisión de goberno as facultades de aplicar e interpretalas disposicións contidas neste regulamento, sen prexuízo das facultades que en todo caso correspondan aos tribunais.

DISPOSICION FINAL

A presente norma entrará en vigor con carácter xeral o día seguinte da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2010/18814

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 3 A CORUÑA

Número autos: demanda 404/2010

Nº AUTOS: DEMANDA 0000404 /2010

MATERIA: DESPIDO

DEMANDANTE/S:MARIA ABADIA GONCALVES RIBEIRO

DEMANDADO/S: INVERSIONES DOMINIC, S.L.

EDICTO

D. JUAN REY PITA, SECRETARIO DE LO SOCIAL Número 003 DE A CORUÑA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada el día 23.12.10 en el proceso seguido a instancia de Dª. MARIA ABADIA GONCALVES RIBEIRO contra INVERSIONES DOMINIC, S.L., en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº 0000404 /2010 se ha acordado notificar a INVERSIONES DOMINIC, S.L., el auto de extinción de la relación laboral siguiente:

1.- Declaro extinguida la relación laboral que existía entre las partes en la fecha de la presente declaración.

2.- La empresa INVERSIONES DOMINIC SL abonará a MARIA ABADIA GONCALVES RIBEIRO la cantidad de 2.937,55 Euros, en concepto de indemnización por despido sustitutoria de la anteriormente fijada.

3.- Abonará igualmente la cantidad de 4.021,55 Euros, como salarios devengados desde la fecha de la sentencia hasta el día de la fecha.

Notifíquese el presente Auto a las partes, advirtiéndoles que contra el mismo cabe interponer Recurso de Reposición en el término de cinco días ante este Juzgado.

Así por este mi Auto, lo acuerdo, mando y firmo D. CARLOS VILLARINO MOURE, Ilmo. Sr. Magistrado-Juez del Juzgado de lo Social número TRES de esta ciudad.

Y para que sirva de notificación a INVERSIONES DOMINIC, S.L. se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En A CORUÑA a veintisiete de diciembre de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/18815

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 3 A CORUÑA

Número autos: demanda 932/07

Nº AUTOS: DEMANDA 0000932 /2007

MATERIA: ORDINARIO

DEMANDANTE/S:MARIA VIRTUDES PARDO RODRIGUEZ, MARIA VIRTUDES PARDO RODRIGUEZ

DEMANDADO/S: TGSS, EMPRESA LUIS MANUEL GARCIA RODELLINO , EMPRESA LUIS MANUEL GARCIA RODELLINO , INSS , MUTUA INTERCOMARCAL , DON 24 HORAS, S.C. , VIDRIOARTE CORUÑA,S.L. , AUTOARTE CORUÑA,S.L. , CORUÑESA DE PARABRISAS,S.L. , AUTOARTE GALIZA, S.L. , VIDRIOARTE GALIZA, S.L. , DON 24 HORAS,S.C. , AUTOARTE GALIZA,S.L. , VIDRIOARTE GALIZA,S.L. , MUTUA GALLEGA

EDICTO

D. JUAN REY PITA, SECRETARIO DE LO SOCIAL Número 003 DE A CORUÑA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada el día 23.12.10, en el proceso seguido a instancia de Dª. MARIA VIRTUDES PARDO RODRIGUEZ, MARIA VIRTUDES PARDO RODRIGUEZ contra TGSS, EMPRESA LUIS MANUEL GARCIA RODELLINO , EMPRESA LUIS MANUEL GARCIA RODELLINO INSS MUTUA INTERCOMARCAL DON 24 HORAS, S.C. VIDRIOARTE CORUÑA,S.L AUTOARTE CORUÑA,S.L. CORUÑESA DE PARABRISAS,S.L AUTOARTE GALIZA, S.L. VIDRIOARTE GALIZA, S.L. DON 24 HORAS,S.C AUTOARTE GALIZA,S.L VIDRIOARTE GALIZA,S.L. MUTUA GALLEGA en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº 0000932 /2007 se ha acordado notificar el siguiente auto:

1º.- Se acuerda el embargo preventivo de bienes de la empresa Luis Manuel García Rodellino en cuantía suficiente para cubrir la cantidad de 2704,07 euros objeto de la demanda presentada.

2º.- Toda vez que no constan suficientemente identificados los bienes referidos en el otrosí digo de la solicitud, con carácter previo a trabar el embargo acordado, requiérase a la parte demandante para que en el plazo de cinco días proceda a identificar suficientemente los mismos, o en su caso interese lo que considere oportuno

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer Recurso de Reposición en el plazo de cinco días.

Así lo acuerdo mando y firmo.

Y para que sirva de notificación a EMPRESA LUIS MANUEL GARCIA RODELLINO, VIDRIOARTE CORUÑA,S.L, AUTOARTE CORUÑA,S.L, CORUÑESA DE PARABRISAS,S.L. se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

A CORUÑA, veintiocho de Diciembre de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/18866

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 3 A CORUÑA

Demanda 1026/2008

Nº AUTOS: DEMANDA 0001026/2008

MATERIA: ORDINARIO

DEMANDANTE/S: RAQUEL FREIRE GARCIA

DEMANDADO/S: INSTITUTO GALEGO DA VISION, S.L.U.

EDICTO

D. JUAN REY PITA, SECRETARIO DE LO SOCIAL Número 003 DE A CORUÑA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada el día 26.11.10 en el proceso seguido a instancia de Dª. RAQUEL FREIRE GARCIA contra INSTITUTO GALEGO DA VISION, S.L.U., en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº 0001026 /2008 se ha acordado notificar la siguiente sentencia:

Que estimando la demanda formulada por DÑA. RAQUEL FREIRE GARCIA, contra la empresa, INSTITUTO GALEGO DA VISION SLU condeno a la misma a abonarle la cantidad de 12.759,87€, que le adeuda en concepto de salarios.

Notifíquese la presente resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer RECURSO DE SUPLICACION para ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo Social, debiendo anunciarlo previamente ante este Juzgado de lo Social, en el término de cinco días hábiles contados a partir del siguiente de su notificación.

Previniendo a la empresa demandada que para recurrir deberá acreditar haber ingresado en la c/c de consignaciones código 1533.0000.60 1026.08 de Banesto (0030) de esta ciudad, denominada “Cuenta del Juzgado de lo Social número Tres” el importe de la condena y 150 Euros en concepto de depósito (dígito 60), sin cuyos requisitos no será admitido a trámite el recurso quedando firme la sentencia.

Y para que sirva de notificación a INSTITUTO GALEGO DA VISION, S.L.U se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

A CORUÑA, veintiocho de Diciembre de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/18870

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 3 A CORUÑA

Demanda 108/2009

Nº AUTOS: DEMANDA 0000108/2009

MATERIA: ORDINARIO

DEMANDANTE/S: ANA MARIA FRAGA DOLDAN

DEMANDADO/S: PROMOGAR ATLANTICO, S.L.

EDICTO

D. JUAN REY PITA, SECRETARIO DE LO SOCIAL Número 003 DE A CORUÑA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada el día 15.11.10 en el proceso seguido a instancia de Dª. ANA MARIA FRAGA DOLDAN contra PROMOGAR ATLANTICO, S.L., en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº 0000108 /2009 se ha acordado notificar a PROMOGAR ATLANTICO, S.L., a fin de que comparezca el día 01.03.10 a las 12.10 h. para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 003 sito en C/MONFORTE S/N debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia, y rendir confesión judicial en el mismo acto, pudiéndole tener por confeso en caso de incomparecencia; requiriéndole asimismo, para que a dicho acto aporte la documental interesada en demanda.

Se le hace saber que la copia de la demanda se encuentra a su disposición en la Secretaría de este Juzgado.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo aquellas que expresamente exceptúa la Ley de Procedimiento Laboral.

Y para que sirva de citación a PROMOGAR ATLANTICO, S.L. se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

A CORUÑA, veintiocho de Diciembre de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/18876

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 4 A CORUÑA

Número autos: despido/ceses en general 926/2010-H

Nº AUTOS: DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000926 /2010-H
DEMANDANTE/S: DIEGO ORDOÑEZ CASTIÑEIRA, JESUS MANUEL VEIGA POSE , CARLOS BLANCO PITA
ABOGADO/A: VICTORINO FUENTE MARTINEZ, VICTORINO FUENTE MARTINEZ , VICTORINO FUENTE MARTINEZ
PROCURADOR: , ,
GRADUADO/A SOCIAL: , ,
OTRO/A:
DEMANDADO/S: EBANISTERIA ANVE, S.L., EBANISTERIA ANVE, S.L. , FOGASA FOGASA
ABOGADO/A: , ,
PROCURADOR: , ,
GRADUADO/A SOCIAL: , ,
OTRO/A:

AUTO

Magistrado/a-Juez
Sr/Sra D/Dª LUIS JAVIER RODRIGUEZ VIDAL
En A CORUÑA, a veintiocho de Diciembre de dos mil diez.
ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMERO.- EBANISTERIA ANVE, S.L., EBANISTERIA ANVE, S.L. , DIEGO ORDOÑEZ CASTIÑEIRA , JESUS MANUEL VEIGA POSE , CARLOS BLANCO PITA , FOGASA ha solicitado la acumulación de los autos 1073/10, registrado en éste juzgado con el nº 1098/10 que se siguen en el Juzgado de lo Social nº 5 a este procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000926 /2010 que se tramita en A CORUÑA.

SEGUNDO.- Se ha dado traslado de la solicitud a las demás partes para que aleguen lo que a su derecho convenga con el resultado que consta en autos.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

ÚNICO.- El art. 29 de la LPL permite acordar de oficio o a instancia de parte la acumulación de los autos, si en un mismo Juzgado o Tribunal se tramitan varias demandas frente a un mismo demandado, aunque los actores sean distintos, siempre y cuando se ejerciten idénticas acciones, lo que así ocurre en el presente caso.

Vistos los preceptos legales citados y demás de general y pertinente aplicación,

PARTE DISPOSITIVA

Dispongo:

- Acumular a los presentes autos los que se tramitan en el Juzgado de lo Social nº 5, seguidos con el nº 1073/10 y registrado en éste juzgado con el nº 1098/10.

Solicitar, adjuntando testimonio de la presente resolución, al Juzgado citado, la remisión de los autos acumulados.

En cuanto a EBANISTERIA ANVE S.L., cítese por medio de EDICTOS a insertar en el Boletín Oficial de esta Provincia con las formalidades y apercibimientos legales.

Cítese al administrador concursal de la empresa demandada Ebanistería Anve S.L. D. CAMILO CARRAL RODRIGUEZ

Notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los CINCO DÍAS hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este JDO. DE LO SOCIAL N. 4 abierta en BANESTO, cuenta nº debiendo indicar en el campo concepto, "Recurso" seguida del código "30 Social-Reposición". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el "código 30 Social- Reposición". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

2010/18833